

REUNIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN DE CALIDADE. FACULTADE DE FORMACIÓN DO PROFESORADO

Acta número 41, de 17 novembro de 2022

LUGAR: Facultade de Formación do Profesorado.

A sesión realízase presencialmente e a distancia, sesión virtual a través da plataforma institucional Ms Teams, de acordo coa lexislación aplicable no artigo 17 da lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público e no “Protocolo para o uso de medios electrónicos nas reunións de órganos colexiados da USC” publicado no Taboleiro Electrónico da USC o 28/4/2020.

DATA: 17 de novembro de 2022

HORA DE COMEZO: 11:00 h.

HORA DE REMATE: 11:25h.

ASISTENTES

Brao Viña, Ana María (PAS)
Caldeiro Pedreira, M^a Carmen (PDI)
López Gómez, Santiago (PDI)
López Rúa, Paula (PDI)
Muñoz Carril, Pablo César (PDI)
Otero Urtaza, Eugenio Manuel (PDI)
Poncet Souto, Marta M^a (PDI)
Romero Castro, María José (PDI)
Santamaría Queiruga, Olaya (PDI)
Sarceda Gorgoso María Carmen (PDI)

Orde do día:

1. Aprobación, se procede, das actas das sesións anteriores (achéganse as actas).
2. Aprobación, se procede, da presentación do Plan Forte á IV Convocatoria para o recoñecemento de boas prácticas de Calidade nos centros docentes da USC (achégase a solicitude).
3. Aprobación, se procede, da declaración de intencións para a modificación das memorias dos títulos de grao para adaptalos ao RD 822/2021.
4. Aprobación, se procede, da declaración de intencións para a participación da Facultade de Formación do Profesorado no Máster Interuniversitario de Innovación Educativa.
5. Análise e reflexión das alegacións ao informes provisionais para a renovación da acreditación dos graos (achéganse as alegacións).
6. Rolda aberta de intervencións.

1. Aprobación, se procede, das actas das sesións anteriores

Sométese a aprobación a acta número 39. Ao non haber alegacións, queda aprobada por asentimento.

Sométese a aprobación a acta número 40. Ao non haber alegacións, queda aprobada por asentimento.

2. Aprobación, se procede, da presentación do Plan Forte á IV Convocatoria para o recoñecemento de boas prácticas de Calidade nos centros docentes da USC

Sométese a aprobación a presentación do Plan Forte da Facultade de Formación do Profesorado á IV Convocatoria para o recoñecemento de Boas Prácticas de Calidade nos centros docentes da USC.

Ao no haber posicionamentos en contra, acórdase presentar o Plan Forte á IV Convocatoria para o recoñecemento de Boas Prácticas de Calidade nos centros docentes da USC.

3. Aprobación, se procede, da declaración de intencións para a modificación das memorias dos Títulos de Grao para adaptalos ao RD 822/2021

A presidenta explica que a modificación nos Títulos de Grao ten que ver coa adscrición a campos de coñecemento, tanto da Facultade de Formación do Profesorado de Lugo como da Facultade de Educación de Santiago, e tamén, coa obrigatoriedade de axustar os créditos de mención ao vinte por cento da carga lectiva total do Título.

A presidenta abre un rolda de intervencións. Non hai.

A presidenta somete a aprobación a declaración de intencións para a modificación do Grao en Mestra/e de Educación Infantil e do Grao en Mestra/e de Educación Primaria, e queda aprobada por asentimento.

4. Aprobación, se procede, da declaración de intencións para a participación da Facultade de Formación do Profesorado no Máster Interuniversitario de Innovación Educativa

A presidenta sinala que o documento que se traslada poderá ter algunha modificación de forma no que respecta aos membros da comisión de redacción e, de contido, no tocante a incorporación de obxectivos formativos do título que aínda está aberto e que está previsto pechar o día 25 de novembro.

Ábrese unha rolda de intervencións.

Intervén o profesor Eugenio Manuel Otero Urtaza para manifestar a súa inqueda pola representación da área de historia da educación no Máster Interuniversitario de Innovación Educativa e propón que se engada unha materia que se denomine *historia das innovacións educativas*.

A presidenta da comisión somete a aprobación a declaración de intencións para a participación da Facultade de Formación do Profesorado de Lugo no Máster de Innovación Educativa, e queda aprobada por asentimento.

5. Análise e reflexión das alegacións aos informes provisionais para a renovación da acreditación dos Graos

Sométese a análise e reflexión as alegacións aos informes provisionais para a renovación do Títulos Grao.

Hai varias intervencións sobre este punto.

A presidenta agradece o traballo de elaboración das alegacións realizado polos coordinadores de título de Primaria e de Infantil, profesora Paula López Rúa e profesor Pablo César Muñoz Carril respectivamente.

6. Rolda aberta de intervencións

Intervén a profesora Paula López Rúa para preguntar pola data na que estarán dispoñibles para o alumnado as enquisas de satisfacción coa docencia recibida que se envían desde a área de calidade.

A profesora María José Romero Castro pregunta en que momento do proceso será posible facer modificacións nas fichas das materias. A presidenta da comisión respóndelle que hai que agardar a que se publique a Orde ECI.

Non hai máis intervencións.

A presidenta agradece a presenza e dá por rematada a sesión da que redacto acta como secretaria.

A secretaria

Visto e praxe, a presidenta

Marta María Poncet Souto

María Carmen Sarceda Gorgoso

Documento asinado dixitalmente e accesible en:/Documento firmado digitalmente y accesible en:/Digitally signed document with accessibility at:
<https://sede.usc.es/csv/8588-B024-46EC-B033>

Ver detalle da sinatura na derradeira páxina/Ver detalle de la firma en la última página/See detail of the signature on the last page

CSV: 8588-B024-46EC-B033

Sinaturas dixitais / Firmas digitais / Digital signatures

Asinante/Firmante/Signer: MARTA MARIA PONCET SOUTO, SECRETARIO A DA FACULTADE DE FORM DO PROFESORADO, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 04/04/2023 15:11:38.

Asinante/Firmante/Signer: CARMEN SARCEDA GORGOSO, DECANO A DA FACULTADE DE FORMACION DO PROFESORADO, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 04/04/2023 11:13:19.

CSV: 8588-B024-46EC-B033